



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas estanse a producir situacións de ocupacións ilegais en propiedades que, máis alá da normal preocupación que esas accións provocan entre a poboación, están a ocasionar inquedanza, cando non temor, entre a veciñanza máis directamente afectada pola proximidade dos sucesos.

Hai poucas semanas, unha persoa alertou sobre o incendio nunha vivenda abandonada de dous andares na rúa do Restollal que viña sendo ocupada por varias persoas, tendo que intervir bombeiros, policía nacional e local e membros de protección civil, facendo necesario rescatar a unha persoa atrapada na planta superior.

Non lonxe dese lugar, na rúa da Divina Pastora na zona do Castiñeiriño, rexistrouse un novo incidente pola ocupación dunha vivenda abandonada que, segundo se nos ten informado, obrigou á intervención da Policía local. A situación desta vivenda causou e está a causar gran preocupación entre a veciñanza, que denuncia as condicións irregulares e de posible perigo polo emprego fraudulento de servizos, en especial, o de enerxía eléctrica, que puidera provocar un novo incendio neste edificio, co risco que iso podería comportar para as persoas e vivendas próximas.

As queixas das persoas próximas –que sen dúbida poden ser extensibles a outras zonas onde se poida dar esta situación- céntranse na necesidade de actuar para evitar que se sucedan este tipo de intromisións ilegais, instando ás persoas propietarias a adoptar medidas para impedir a entrada nestes edificios abandonados, ben mediante o derribo ou o efectivo selado de portas e ventás, conforme ao estado e ás circunstancias dos inmobles.

Facéndonos partícipes do sentir destas persoas, o Grupo Popular presenta o seguinte ROGO:

Que o Goberno local adopte as medidas oportunas para impedir os perigos derivados do abandono de edificios, e en especial o acceso e ocupación ilegal de persoas, para evitar o malestar e a inseguridade entre as persoas veciñas.

Santiago de Compostela, a 7 de setembro de 2016.



María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela